

"COME LOCAL" 2023



Volve a **COME LOCAL** aos comedores escolares de toda Galicia para promocionar os produtos galegos de proximidade e con indicativo de calidade. Esta campaña, que acada a súa IV edición neste 2023, está impulsada pola [Xunta de Galicia](#) a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria en colaboración con [Slow Food Compostela](#). Entre outras cousas, consistirá en:

1. Achegar ao voso comedor, de forma totalmente gratuita, varios produtos galegos con certificado de calidade: DOP, IXP e Ecolóxicos de proximidade. Daremos a oportunidade de que os nenos e nenas usuarios do voso comedor poidan degustar varios produtos dunha excelente calidade con orixe Galicia e cunha trazabilidade garantida.
2. Axudaremos á realización dun "escandaio" semanal para dotar aos comedores dunha ferramenta que facilite o cálculo do gasto que lles permita planificar mellor a súa conta de gastos. Para elo, entregaremosvos unha tablet cunha app para tal fin e con toda a información da campaña.
4. Proporcionaremos material para os estudantes sobre Educación Alimentaria, e máis concretamente, sobre as froitas e verduras que temos en cada tempada en Galicia.
5. O papel da biodiversidade agrícola e o papel que xogan os produtos certificados á hora de consevala, así coma a importancia de comer de xeito local será o tema principal das charlas presenciais que faremos nos centros que participen.
5. Formación por zoom aos cociñeiros/as dos comedores sobre etiquetado alimentario para que aprendan a diferenciar as diferentes certificacións e saiban tamén o que implica cada unha.
6. Asesoramento ao persoal de cociña e de comedor sobre aprovisionamento así como tamén nas dúbidas que poidan ter á hora de xestionar os residuos do centro.

Esta campaña será difundida a través das redes de Agacal (Axencia Galega da Calidade Alimentaria) e tamén estará recollida nun "Mapa Interactivo" que poderedes consultar en todo momento. Toda esta campaña irá aliñada cos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) da ONU.

- *Esta campaña remata o 31 de decembro de 2023.*



FEADER:
Europa inviste no rural

